

“Benqueridos colegas:

Como sabedes, o próximo mes de outubro o concello de Fene organizará o *Premio Blanco Amor de narrativa*, cunha peculiaridade moi interesante: será a primeira vez que se conta con nós, os ilustradores, ao propoñernos participar na celebración cunha mostra de caricaturas de Blanco Amor e con ilustracións sobre a súa obra.

Cando se me falou do proxecto e se me invitou a comisariala, aceptei de contado porque me pareceu estupendo que -¡por fin!- alguén se acordase de nós e se nos dese a oportunidade de demostrar, nun evento alleo, algo tan evidente como que o grafismo é un alicerce importantísimo no patrimonio cultural galego. Pensei que todos compartirades o meu entusiasmo e que enviariades material para facer unha gran exposición que nos convertise en protagonistas da celebración, pero, sorprendentemente, a participación resultou moi baixa.

Velaí a razón desta carta. Aínda que o prazo de entrega dos traballos **rematou o pasado día 30 de setembro** , imos amplialo ata o **próximo día 15 de outubro para** que poidades participar os que aínda non o fixestes.

Quero animarvos a facelo porque, ademais da razón exposta, Eduardo Blanco Amor é unha figura da literatura galega que merece a nosa homenaxe como colectivo; e porque a súa obra é tan ricaz e variada que, sen dúbida, nos inspirará as imaxes máis orixinais. Pensade na novela “A esmorga”, que foi levada ao cine por Gonzalo Suárez co título “Parranda”; unha excelente película protagonizada por José Luis Gómez, José Sacristán, Antonio Ferrandis, Charo López, Fernando Fernán Gómez... Cada secuencia pode ser convertida nunha magnífica ilustración.

Igualmente suxerentes son as páxinas dos contos recollidos no libro “Os biosbardos”, contados por varios nenos que falan do mundo infantil; as novelas “Xente ao lonxe” e “La catedral y el niño”, ou as pezas teatrais, todas divertidísimas.

En fin, animádevos e enviade unha ou varias caricaturas de Blanco Amor ou as ilustracións que se vos ocorran, e que convirtan a entrega do Premio Blanco Amor en Fene nun acto cultural inolvidable.

Apertas.

Siro”

Para máis información, museodohumor@gmail.com